ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT05	Dirección de servizos de restauración	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0503	Xestión administrativa e comercial en restauración	2024/2025	3	70	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DOLORES VERDES SUÁREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación correspondente ao módulo Xestión Administrativa e Comercial en Restauración está fundamentada no propósito de adapta-los contidos teórico-prácticos desenvoltos no currículo dos títulos Dirección de cociña e Dirección de Servizos en Restauración promulgados nos Decretos 88/2011 e 83/2011 polo que se establece os curriculo do Ciclo Formativo de Grao Superior correspondente aos títulos de Técnico Superior en Dirección de Cociña e Técnico Superior en Dirección de Servizos en Restauración, introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e ás características do contorno socio cultural do centro.

A competencia xeral destes títulos consiste en dirixir e organizar a producción e o servizo en cociña e en restauración determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias de aprovisionamento, a producción e o servizo, cumprindo os obxectivos económicos seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociiais son as que se relacionan no currículo de cada unha das titulacións.
A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo en cociña, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, produción e servizo, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a continuación:
a) Definir os produtos que ofrece a empresa tendo en conta os parámetros do proxecto estratéxico.
b) Deseñar os procesos de produción e determinar a estrutura organizativa e os recursos necesarios, segundo os obxectivos da empresa.
c) Determinar a oferta de produtos culinarios, tendo en conta todas as súas variables, para fixar prezos e estandarizar procesos.
d) Programar actividades e organizar recursos, segundo as necesidades de produción.
e) Realizar o aprovisionamento, almacenaxe e distribución de materias primas, en condicións idóneas, controlando a calidade e a documentación relacionada.
f) Controlar a posta a punto de espazos, maquinaria, útiles e ferramentas.
g) Verificar os procesos de preelaboración e/ou rexeneración que é necesario aplicar ás diversas materias primas para a súa posterior utilización.
h) Organizar a realizar as elaboracións culinarias,seguindo a estandarización dos procesos, para a súa posterior decoración/terminación ou conservación.
i) Supervisar a decoración/terminación das elaboracións segundo as necesidades e protocolos establecidos, para a súa posterior conservación ou servizo.
j) Verificar os procesos de envasado e/ou conservación dos xéneros e elaboracións culinarias, aplicando os métodos apropiados e utilizando os equipos idóneos, para preservar a súa calidade e evitar riscos alimentarios.
k) Controlar o desenvolvemento dos servizos en cociña, coordinando a prestación dos mesmos, atendendo o ámbito da súa execución e os protocolos establecidos.
l) Cumprimentar a documentación administrativa relacionada coas unidades de produción en cociña, para realizar controis orzamentarios, informes ou calquera actividade que poida derivarse, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
m) Dar resposta a posibles solicitudes, suxerencias e reclamacións dos clientes, para cumprir coas súas expectativas e lograr a súa satisfacción.

n) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos á súa contorna profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
o) Organizar e coordinar equipos de traballo, supervisando o desenvolvemento do mesmo, con responsabilidade, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, así como, achegando solucións aos conflitos grupais que se presentan.
p) Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
q) Xerar contornas seguras no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
r) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
s) Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

As ensinanzas do módulo centraranse no coñecemento da organización, deseño de productos e comercialización dos mesmos, no ámbito das empresas hostaleiras e de restauración.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de xestión do persoal, basicamente desde unha perspectiva de xefe de equipamento ou de dirección.

A función de xestión administrativa e comercial abrangue aspectos como:

¿Planificación e organización empresarial.
¿Xestión documental.
¿Control orzamentario das empresas de restauración, así como dos seus departamentos.
¿Selección de provedores.
¿Xestión económica do economato-almacén nas empresas de restauración.
¿Análise de mercado.
¿Desenvolvemento dun plan de comercialización para a empresa do sector da restauración.
¿Deseño de ofertas gastronómicas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), d), m), n) e o) do ciclo formativo, e as competencias a), c) e m).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

¿Métodos e sistemas de planificación e organización.
¿Xestión documental.
¿Control orzamentario.
¿Control económico do almacén e selección de provedores.
¿Análise do mercado.
¿Plan de comercialización.
¿Ofertas gastronómicas
.
As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade tanto en grandes como en medianas e pequenas empresas, principalmente do sector de hostalería e, en concreto, do subsector de restauración, podendo actuar nos pequenos establecementos, en moitas ocasións, como propietario ou propietaria e responsable de cociña simultaneamente. Aínda que a súa actividade profesional desenvólvese habitualmente en establecementos de carácter privado, tamén pode desenvolvela en establecementos públicos, fundamentalmente cando se sitúa no sector educativo, sanitario ou de servizos sociais. Cando non actúan por conta propia, realizan as súas funcións baixo a dependencia da dirección do establecemento, sexa este un hotel ou outro tipo de aloxamento ou establecemento de restauración.

.As ensinanzas do módulo centraranse no coñecemento da organización e administración das distintas empresas de restauración, deseño dos seus productos e a comercialización dos mesmos, adaptándose os diferentes tipos de empresas e as novas tendencias.

.

.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					MP0503_00					
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5	RA 6
1	EMPRESAS DE RESTAURACIÓN	Análise das empresas de restauración, a súa organización e a súa evolución	11	15	X			X		
2	OFERTAS GASTRONÓMICAS	Estudo das principais ofertas gastronómicas nos distintos establecementos hosteleiros	16	20						X
3	XESTIÓN DOCUMENTAL ADMINISTRATIVA	Analise dos documentos administrativos a os seus circuitos	11	15		X	X			
4	XESTIÓN DE CUSTES E CONTROL ORZAMENTARIO	Estudo dos custos , da realización de orzamentos e a análise da viabilidade nos negocios de restauración	16	25			X			
5	COMERCIALIZACIÓN	Estudo dos conceptos básicos do Marketing e e dos aspectos para ter en conta nun plan de comercialización	16	25				X	X	
		Total:	70							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	EMPRESAS DE RESTAURACIÓN	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece estruturas organizativas en restauración, e caracterizando os modelos organizativos e os obxectivos da empresa.	SI
RA4 - Avalía os tipos de empresas de restauración e analiza a súa situación no mercado.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os distintos tipos de empresas de restauración 1.2 Diferenciar o sector comercial e institucional 1.3 Analizar as tendencias	1	Clasificación das empresas de restauración	3,0
2.1 Describir os modelos organizativos según a tipoloxia de empresa	2	Modelos organizativos das empresas de restauración	3,0
3.1 Comparar a normativa entre varias CC.VV 3.2 Analizar a normativa galega aplicable os distintos tipos de establecementos de restauración	3	Normativa aplicable as empresas de restauación	5,0
		TOTAL	**11**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Definíronse os obxectivos empresariais segundo o modelo de produto.	• PE.1 - BC1 Curriculum	S	5
CA1.2 Establecéronse plans empresariais segundo os obxectivos marcados.	• PE.2 - BC1 Curriculum	S	5
CA1.3 Deseñáronse estratexias e técnicas de planificación empresarial.	• PE.3 - BC1 Curriculum	S	5
CA1.4 Conceptualizáronse os modelos organizativos e as novas tendencias entre as empresas do sector.	• PE.4 - BC1 Curriculum	S	10
CA1.5 Elaboráronse organigramas que correspondan aos modelos organizativos e ás novas tendencias entre as empresas do sector.	• PE.5 - BC1 Curriculum	S	5
CA1.6 Valoráronse os principios estruturais e organizativos das empresas de restauración como elementos fundamentais para a consecución dos obxectivos establecidos.	• PE.6 - BC1 Curriculum	S	5
CA1.7 Identificáronse as principais diferenzas entre o mercado de produtos e o de servizos.	• PE.7 - BC1 Curriculum	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Recoñeceuse a normativa autonómica e/ou estatal sobre tipoloxía e clasificación dos establecementos de restauración.	• OU.1 - Tarefa de investigación	N	15
CA4.2 Recoñecéronse os tipos de empresas tradicionais de restauración.	• PE.8 - BC4 Curriculum	S	15
CA4.3 Identificáronse as novas tendencias empresariais en restauración.	• PE.9 - BC4 Curriculum	S	15
CA4.4 Describiuse a tipoloxía das empresas de restauración segundo a normativa autonómica e/ou estatal.	• OU.2 - Tarefa de investigación	N	10
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Obxectivos empresariais: tipos.
Tipos de plans nas empresas de restauración.
Planificación: concepto, proceso e terminoloxía básica.
Etapas da planificación.
Ferramentas da análise estratéxica: análise de vulnerabilidade, clasificación estratéxica de produtos, análise DAFO, etc.
Modelos organizativos de empresas de restauración: conceptualización, tipos de organización e tendencias.
Organigramas: concepto e clases
Deseño e interpretación de organigramas de empresas de restauración.
Características diferenciadoras do mercado de servizos fronte ao de produtos.
Normativa autonómica e estatal sobre a tipoloxía e a clasificación dos establecementos de restauración.
Empresas tradicionais de restauración.
Novas tendencias empresariais en restauración.
Tipos de empresas de restauración segundo a normativa.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clasificación das empresas de restauración - Estudo dos distintos tipos de empresas	• Explicación dos distintos tipos de empresas e a súa clasificación • Presentar distintas tipoloxias de empresas	• Analizar a evolución das empresas de restauración e a tendencia actual • Clasificar as empresas seguindo os distintos criterios explicados	• Esquema dos distintos tipos de empresas de restauración e as súas principais características	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas	• PE.8 - BC4 Curriculum • PE.9 - BC4 Curriculum	3,0
Modelos organizativos das empresas de restauración - Análise dos modelos organizativos das unidades depertamentais dun establecemento de restauración	• Explicación das distintas estructuras organizativas • Explicar as funcións e os distintos tipos de organigramas	• Asociar as estructuras organizativas coa tipoloxía da empresa • Confeccionar organigramas para distintas empresas	• Organigramas funcionales de distintos tipos de empresas	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas	• PE.1 - BC1 Curriculum • PE.2 - BC1 Curriculum • PE.3 - BC1 Curriculum • PE.4 - BC1 Curriculum • PE.5 - BC1 Curriculum • PE.6 - BC1 Curriculum • PE.7 - BC1 Curriculum	3,0
Normativa aplicable as empresas de restauación - Análise da normativa nacional e autonómica	• Comentar os principais puntos da normativa galega de restaurantes, cafetarías, bares, empresas de catering e furanchos.	• Cumplimentar o cuestionario sobre a normativa galega, investigar • Taballo, padlet	• Resumo da normativa autonómica, padlet	• DOGA, Pizzarra colaborativa	• OU.1 - Tarefa de investigación • OU.2 - Tarefa de investigación	5,0
					TOTAL	**11,0**

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	OFERTAS GASTRONÓMICAS	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Deseña ofertas gastronómicas, e caracteriza e selecciona os elementos que as configuran e as súas variables.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar os distintos tipos de ofertas gastronómicas segundo o tipo de establecemento 1.2 Estudar os elementos e variables que interveñen no diseño da oferta 1.3 Analizar a evolución e as tendencias na oferta gastronómica dos distintos tipos de negocios 1.4 Analizar a carta segundo a Menú engineering	1	Diseño da oferta gastronómica	12,0
2.1 Estudiar a carta como promoción do negocio de restauración	2	Diseño físico da carta	4,0
		TOTAL	**16**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Caracterizáronse os principais tipos de ofertas gastronómicas.	• PE.1 - BC6 Curriculum	S	10
CA6.2 Relacionáronse as ofertas coas fórmulas de restauración.	• PE.2 - BC6 Curriculum	S	10
CA6.3 Tivéronse en conta as características e as necesidades da clientela na confección de ofertas, así como as novas tendencias.	• PE.3 - BC6 Curriculum	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.4 Considerouse o tipo de establecemento, a estacionalidade, a situación, o tipo de clientela e outros factores.	• PE.4 - BC6 Curriculum	S	10
CA6.5 Definíronse as necesidades de variación e rotación da oferta.	• PE.5 - BC6 Curriculum	S	20
CA6.6 Tivéronse en conta os principios básicos para o deseño físico da carta gastronómica.	• OU.1 - Traballo carta	N	10
CA6.7 Aplicáronse técnicas de promoción e publicidade.	• OU.2 - Taballo difusión carta	N	10
CA6.8 Aplicáronse técnicas de márketing relacionadas cos prezos.	• PE.6 - BC6 Curriculum	S	10
CA6.9 Controlouse o grao de satisfacción da clientela.	• PE.7 - BC6 Curriculum	S	10
		TOTAL	**100**

4.2.e) Contidos

Contidos
Descrición, caracterización e tipos de ofertas.
Ofertas básicas (menús, cartas, bufé, etc.): descrición e análise
Elementos e variables das ofertas gastronómicas.
Factores que cómpre ter en conta para o deseño de ofertas atendendo a criterios de equilibrio nutricional, estacionalidade, tipo de establecemento, situación do establecemento, tipo de clientela, persoas con necesidades alimentarias específicas, etc.
Técnicas de discriminación de ofertas gastronómicas.
Principios básicos para o deseño físico dunha carta gastronómica: tipo de papel, formato, cor, colocación da oferta, etc.
Merchandising da carta e promoción da oferta de produtos.
Métodos de fixación de prezos: menú engineering , principio de Omnes, clasificación estratéxica, etc.
Medición das expectativas da clientela.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Diseño da oferta gastronómica - Estudo dos elementos a considerar no diseño das ofertas gastronómicas según tipoloxía de establecemento	• Explicar os distintos tipos de ofertas gastronómicas • Expoñer as recomendacións na elección de pratos e no diseño de cartas e menús	• Analizar a oferta gastronómica de determinadas empresas locales • Redactar unha carta adatada a tipoloxía do establecemento • Confeccionar menús segundo adaptada á carta elaborada • Confeccionar menús do día siguiendo a técnica das rotación de menús • Explicar a método de "Menú engineering" • Aplicar o menú engineering a unha carta de pratos	• Resumo das principales ofertas gastronómicas e recomendacións para o seu diseño	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas, web	• PE.1 - BC6 Curriculum • PE.2 - BC6 Curriculum • PE.3 - BC6 Curriculum • PE.4 - BC6 Curriculum • PE.5 - BC6 Curriculum • PE.6 - BC6 Curriculum • PE.7 - BC6 Curriculum	12,0
Diseño físico da carta - Analizar os elementos no diseño formal da carta dun establecemento	• Presentación dos princios básicos do diseño físico da carta	• Confección dunha carta física • Exposición dos medios de difusión duna carta	• Carta formal de pratos segundo os principios básicos, plan SMM	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas, web	• OU.1 - Traballo carta • OU.2 - Taballo difusión carta	4,0
					TOTAL	**16,0**

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	XESTIÓN DOCUMENTAL ADMINISTRATIVA	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Controla a xestión administrativa de áreas de restauración, para o que analiza a documentación e a información reflectida nela.	SI
RA3 - Controla os orzamentos das áreas de produción, e recoñece e determina a estrutura dos niveis de aprovisionamento, gastos e ingresos do seu departamento ou establecemento, segundo o caso.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Estudar os documentos utilizados e a súas normativas na xestión e no arquivo	1	Xestión da documentación administrativa	6,0
2.1 Coñecer os ítems para valorar proveedores e mercaderías	2	Xestión de compras	5,0
		TOTAL	**11**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Xustificouse a finalidade da xestión da documentación nas empresas de restauración.	• PE.1 - BC2 Curriculum	S	5
CA2.2 Recoñeceuse o circuíto da documentación e a finalidade no sector de restauración.	• PE.2 - BC2 Curriculum	S	15
CA2.3 Deseñáronse sistemas de rexistro da información reflectida nela.	• PE.3 - BC2 Curriculum	S	5
CA2.4 Identificáronse sistemas de arquivo da documentación xerada, emitida ou recibida.	• PE.4 - BC2 Curriculum	S	5
CA2.5 Clasificouse a información que reflicte a documentación segundo as necesidades empresariais.	• PE.5 - BC2 Curriculum	S	10
CA2.6 Recoñeceuse a normativa básica relativa á xestión da documentación.	• PE.6 - BC2 Curriculum	S	5
CA2.7 Valorouse a importancia dunha correcta xestión da documentación administrativa, económica e financeira para mellorar o funcionamento empresarial ou departamental.	• PE.7 - BC2 Curriculum	S	5
CA2.8 Establecéronse sistemas de facturación e cobramento.	• PE.8 - BC2 Curriculum	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.9 Aplicáronse as novas tecnoloxías na xestión e na interpretación da documentación empresarial.	• PE.9 - BC2 Curriculum	S	10
CA3.8 Establecéronse criterios de avaliación de provedores e seleccionáronse os que mellor se adapten ás demandas empresariais.	• OU.1 - Traballo selección proveedores	N	10
CA3.9 Establecéronse métodos de valoración de existencias.	• PE.10 - BC3 Curriculum	S	20
		TOTAL	**100**

4.3.e) Contidos

Contidos
Obxectivos da xestión documental.
0Novas tecnoloxías na xestión e na interpretación dos documentos.
Circuíto da documentación. Finalidade e relación entre documentos.
Sistemas de rexistro da documentación.
Sistemas e métodos de arquivo da documentación.
Información documental derivada das necesidades departamentais.
Normativa de xestión documental: protección de datos.
Documentación (albarás, facturas, pedidos, contratos con provedores e clientes, etc.) e a súa normativa.
Valoración da importancia da xestión documental.
Medios de pagamento e de cobramento en hostalaría.
0Selección de provedores: puntos para avaliar, valoración e toma de decisións.
Determinación dos niveis mínimos de solicitude de pedido, existencias mínimas e máximas, e rotura de existencias.
Métodos de valoración de existencias: PMP, FIFO, etc.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión da documentación administrativa - Estudo da documentación administrativa e da súa xestión	• Explicación da xestión documental, dos principales documentos e a súa normativa	• Clasificar os distintos documentos administrativos e indicar a súa función • Proba escrita da unidade	• Esquema cos circuitos e os documentos máis utilizados	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, web	• PE.1 - BC2 Curriculum • PE.2 - BC2 Curriculum • PE.3 - BC2 Curriculum • PE.4 - BC2 Curriculum • PE.5 - BC2 Curriculum • PE.6 - BC2 Curriculum • PE.7 - BC2 Curriculum • PE.8 - BC2 Curriculum • PE.9 - BC2 Curriculum	6,0
Xestión de compras - Estudo dos métodos de selección de proveedores e valoración de existencias	• Explicación dos diferentes criterios de selección de proveedores e métodos de valoración de existencias	• Realización dun proceso de selección de proveedores • Resolución de tarefas e cálculos de valoración de existencias	• Táboas de selección de proveedores, exercicios, apuntamentos	• Cañón, Presentacións, pizarra	• OU.1 - Traballo selección proveedores • PE.10 - BC3 Curriculum	5,0
					TOTAL	**11,0**

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	XESTIÓN DE CUSTES E CONTROL ORZAMENTARIO	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Controla os orzamentos das áreas de produción, e recoñece e determina a estrutura dos niveis de aprovisionamento, gastos e ingresos do seu departamento ou establecemento, segundo o caso.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os termos principais da contabilidade 1.2 Clasificar os distintos custos das empresas 1.3 Analizar os custos nas empresas de restauración 1.4 Valorar a xestión de compras e almacén no sector	1	Xestión de custos	3,0
2.1 Estudar os rendementos e mermas 2.2 Realizar un escandallo 2.3 Coñecer os métodos de fixación de prezos	2	Cálculo do custos da oferta gastronómica	7,0
3.1 Elaborar distintos tipos de orzamentos 3.2 Calcular o umbral de rentabilidade	3	Análise dos distintos orzamentos empresariais	6,0
		TOTAL	**16**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identificáronse os tipos de orzamentos que afectan a planificación de empresas de restauración.	• PE.1 - BC3 CURRICULUM	S	10
CA3.2 Caracterizáronse os elementos que conforman os orzamentos.	• PE.2 - BC3 CURRICULUM	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.3 Elaboráronse orzamentos de diversos tipos para a organización e a planificación das empresas de restauración, así como de áreas dentro destas.	• PE.3 - BC3 CURRICULUM	S	10
CA3.4 Establecéronse métodos de control orzamentario, xustificáronse racionalmente as posibles desviacións e aplicáronse medidas correctoras.	• PE.4 - BC3 CURRICULUM	S	10
CA3.5 Calculáronse os prezos de venda das ofertas gastronómicas do establecemento.	• PE.5 - BC3 CURRICULUM	S	20
